

INFORME DE XESTIÓN 2019-22

INFORME DE XESTIÓN

2019-22

ÍNDICE

LIMIAR 7

1- CENTRAR A ATENCIÓN NO ESTUDANTADO

- 1.1 Fomentar a dimensión integral na educación ..12
- 1.2 Actualizar o marco normativo do estudantado.. 13
- 1.3 Achegar a administración universitaria e os seus servizos ao estudantado 14
- 1.4 Transformar o modelo de xestión da calidade ... 15

2- COMPROMETERSE CO PERSOAL

- 2.1 Definir un plan de persoal (PDI e PAS)20
- 2.2 Adaptar as estruturas de ordenación do persoal ás necesidades da USC 21
- 2.3 Actualizar a normativa de persoal 21
- 2.4 Reformular a cuantificación das actividades docentes, investigadoras e de xestión na xornada laboral 22
- 2.5 Desenvolver un programa de formación de persoal 22
- 2.6 Fomentar a conciliación da vida laboral, familiar e persoal 22

3- POÑERSE AO SERVIZO DA SOCIEDADE

- 3.1 Integrar os campus na cidade 28
- 3.2 Potenciar o uso da lingua galega en todos os ámbitos 30
- 3.3 Avanzar na igualdade e na sustentabilidade.. 32
- 3.4 Profundar na cultura da transparencia..... 33
- 3.5 Elaborar unha nova política de comunicación e de imaxe internacional 33
- 3.6 Impulsar o proxecto cultural da USC como un espazo de innovación e creación que sitúe a Universidade na vangarda..... 33
- 3.7 Dinamizar as relacións dos demais órganos da Universidade co Consello Social 34
- 3.8 Impulsar o sistema de xestión da seguridade da información e protección de datos 34

4- SITUAR O COÑECEMENTO DA USC NA VANGARDA

- 4.1 Elaborar o plan estratéxico da USC para o período 2021-203040
- 4.2 Redefinir a oferta de titulacións de grao e mestrado40
- 4.3 Desenvolver e visibilizar os estudos de doutoramento 42
- 4.4 Adecuar a oferta das prazas nas titulacións ás necesidades sociais 43
- 4.5 Consolidar a oferta dos estudos propios..... 44
- 4.6 Promover os campus de especialización e novas estruturas de docencia e investigación45
- 4.7 Elaborar un plan de captación e retención de talento investigador 45
- 4.8 Reforzar os servizos de apoio á docencia e á investigación46
- 4.9 Mellorar a transferencia dos resultados de investigación 47

5- PROXECTAR A USC POLO MUNDO

- 5.1 Potenciar a mobilidade das persoas..... 52
- 5.2 Internacionalizar a oferta docente da USC . 53
- 5.3 Potenciar a comunicación da USC cara ao exterior 54
- 5.4 Cooperar para o desenvolvemento internacional 54

6- XESTIONAR OS RECURSOS DE FORMA INTELIXENTE

- 6.1 Optimizar o uso das infraestruturas 60
- 6.2 Procurar unha maior suficiencia e xestión eficiente dos recursos económicos 61
- 6.3 Racionalizar a administración instrumental ...61
- 6.4 Axilizar os procedementos de xestión e prestación de servizos62
- 6.5 Sistematizar a normativa universitaria 63
- 6.6 Orientar a prestación de servizos das tecnoloxías da información á satisfacción das necesidades dos usuarios 63

7- APRENDER DA EXPERIENCIA DA COVID-19 PARA CONSEGUIR UNHA UNIVERSIDADE MÁIS SEGURA E FLEXIBLE

- 7.1 Perfeccionar as medidas de prevención sanitaria70
- 7.2 Intensificar o proceso de transformación dixital..... 71
- 7.3 Facer máis flexible a organización académica de maneira que se poidan aproveitar ao máximo as ferramentas dixitais para complementar a docencia presencial..... 71
- 7.4 Promover a oferta de titulacións de mestrado a distancia e dirixidas preferentemente aos países de lingua española e portuguesa..... 73



LIMIAR

O artigo 78, h dos Estatutos da Universidade de Santiago de Compostela prevé como competencia do Claustro a deliberación sobre o informe anual do reitor. Neste ano 2023 faise unha análise completa da Programación Plurianual 2019-2022, dando así conta dos logros acadados así como das cuestións pendentes en cada un dos eixes, liñas de actuación e accións que a compoñen.

No período 2019-2022 son diversas as fronteiras que podemos abordar, nas que se poden destacar o relevo xeracional no cadro de persoal docente e investigador así como no persoal de administración e servizos. Non hai dúbida de que se deron pasos importantes, mais cómpre manter ou pulso nos vindeiros anos para poder resolvelo de xeito satisfactorio. Tamén no ámbito das relacións laborais os acordos coas agrupacións sindicais e o proceso de estabilización do persoal investigador con cargo ao capítulo VI foron feitos importantes. Estes aspectos foron posibles grazas ao axuste orzamentario, á renegociación da débeda e á negociación dun novo plan de financiamento do SUG.

A aceleración da transformación dixital que engloba tanto a parte tecnolóxica (significativamente a ciberseguridade e a seguridade da información dende a invasión de Ucraína) como a parte funcional (por exemplo, os procedementos de ámbito académico están todos eles xa automatizados) foi unha das tarefas nas que estiveron involucradas diversas áreas do goberno.

Abrir e mellorar as canles de comunicación coa comunidade universitaria foi outro dos aspectos senlleiros neste período, no que podemos citar a creación do Consello do Estudantado, a renovación completa da páxina web ou a creación e posta en marcha da app da universidade.

Finalmente, a pandemia da COVID-19 supuxo un esforzo enorme para toda a comunidade universitaria que tivo que mudar e adaptarse a períodos de peche e semipresencialidade para manter a actividade docente e investigadora tratando de mitigar os impactos negativos que supuxo a pandemia no quefacer cotián. Na Programación Plurianual inicialmente aprobada implicou incluír un eixe novo de actuación para superar as incertezas que se foron producindo durante a evolución da pandemia, tratando de manter en todo momento o compromiso coas ideas amosadas inicialmente á comunidade universitaria ao comezo do primeiro período do mandato de goberno.


ANTONIO LÓPEZ DÍAZ
 Reitor

1

CENTRAR A ATENCIÓN NO ESTUDANTADO

“O estudantado é a pedra angular da institución universitaria. O primeiro obxectivo da USC debe ser ofrecerlle unha formación científico-técnica e cívica de calidade e adaptada aos novos tempos.”

CRONOGRAMA DAS ACCIÓNS



1.1 FOMENTAR A DIMENSIÓN INTEGRAL NA EDUCACIÓN

A promoción de comportamento ético no desempeño profesional fíxose mediante a formación específica do alumnado nas ferramentas antiplaxio e normativa sobre a protección de datos. Dende o ano 2019 foron realizadas 74 accións formativas no ámbito do TFG na que participaron 5.380 estudantes; mentres que no ámbito do TFM foron 26 accións formativas ás que asistiron 406 estudantes.

Programáronse diversas convocatorias do proxecto “[Mentoring](#)”, que ten como obxectivo mellorar as posibilidades de acceso ao mundo laboral do estudantado, facilitándolle a posibilidade de establecer contacto con profesionais experimentados. A participación foi dun total de 192 estudantes e cun cadro de mentores de 102 de diferentes ámbitos e sectores produtivos. Durante o período creouse unha [plataforma propia de emprego](#) que se consolidou como un portal de difusión das ofertas de traballo, cun total acumulado de 1.129.

Ademais, as iniciativas de desenvolvemento e consolidación de metodoloxías innovadoras para facer fronte a problemas sociais tamén tiveron unha importante cabida no ámbito estudantil e educacional, como a IV, V e VI Convocatoria de Proxectos de Innovación educativa [Aprendizaxe-Servizo](#) (IV Convocatoria: 11 proxectos emerxentes e 14 proxectos consolidados; V Convocatoria: 4

proxectos emerxentes e 9 proxectos consolidados; VI Convocatoria: 14 proxectos emerxentes e 13 proxectos consolidados). Afianzáronse un total de 65 proxectos de innovación educativa, coa participación de 73 docentes, entre os que destacan o desenvolvemento de tres [MOOC](#) por parte da Cátedra Institucional do Camiño e as Peregrinacións a través da plataforma Miriadax, un proxecto no que estiveron interesadas un total de 1.000 persoas de máis de 40 países.

Outro aspecto importante para comentar neste eixe foi a [promoción da cultura](#), os hábitos saudables así como as actuacións de carácter inclusivo como un obxectivo para acadar dentro da concepción da educación como un concepto integrador. As [deputacións](#) da Coruña e Lugo e os [Concellos](#) de Lugo e Santiago patrocinaron unha bo número de [programas de actividades](#). Tamén destacan as colaboracións e convenios coas sedes do [IV Ciclo](#) da USC e cursos de verán ao longo de toda a xeografía galega.

Creouse a [Unidade de Atención Psicolóxica](#), dirixida a prestar atención psicolóxica aos/ás estudantes matriculados na USC nos graos, másteres e doutoramento que presentan problemas psicolóxicos que interfíren no seu funcionamento a nivel académico.



FOTO IV Ciclo USC.



FOTO Claustro de 2022.

1.2 ACTUALIZAR O MARCO NORMATIVO DO ESTUDANTADO

No curso académico 2019-2020 promoveuse o [Estatuto do Estudantado](#) (DOGA do 13 de xaneiro de 2020) co principal obxectivo, posteriormente acadado no 2021, da actualización do marco normativo do estudantado. Incluíuse a figura do delegado de aula ou grupo no Estatuto do Estudantado, abrindo a posibilidade de que os centros poidan regular esta figura. Creouse o [Consello do Estudantado](#), como un órgano propio e estable de representación estudantil cun papel complementario ás restantes organizacións de estudantes, que finalmente foi constituído o 13 de setembro de 2022.

Na segunda metade de 2021 iniciouse a actualización da normativa académica ao regulado no [Real Decreto](#)

[822/2021, de 28 de setembro](#), polo que se estableceu a organización das ensinanzas universitarias e do procedemento de aseguramento da súa calidade, entre outros aspectos, nos relativos aos programas de grao aberto, títulos propios, normativa de recoñecemento e transferencia de créditos.

Por outra parte, neste eido tamén cabe mencionar que os **procedementos do ámbito académico** están todo eles automatizados, afianzando deste xeito o criterio de que todas as relacións co estudantado deben tender a ser electrónicas, sen prexuízo da atención presencial ou virtual que puntualmente poida requirirse.

74

CURSOS
ALUMNADO TFG

5.380

Persoas
formadas

26

CURSOS
ALUMNADO TFM

406

Alumnado
formado

1.3 ACHEGAR A ADMINISTRACIÓN UNIVERSITARIA E OS SEUS SERVIZOS AO ESTUDANTADO

A **App da USC** consolidouse como un dos mecanismos principais de comunicación co estudantado, cun total de dispositivos activos de 17.099. A versión actual é a 7.17.0, cunha última actualización a finais de marzo do ano 2023, e cunha valoración de catro estrelas sobre cinco a través de 477 valoracións por parte dos usuarios. Entre os comentarios e valoracións dos usuarios destacan a súa funcionalidade como medio de organización e de recibo de novas da universidade.



FOTO App da USC.

Aínda que non se posúe calendario académico harmonizado co resto de universidades do SUG, existe unha coordinación básica para a elaboración do calendario académico, que é completa no caso dos procesos de admisión e matrícula nos estudos de doutoramento. Para facilitar esta coordinación, a nosa Universidade permite que os centros realicen adaptacións do calendario xeral no caso dos mestrados interuniversitarios e tamén noutros estudos que presentan particularidades na súa programación.

Neste período fíxose a revisión dos procedementos vencellados á mellora, simplificación e automatización dos procesos no ámbito académico que aínda non estaban dispoñibles na sede

electrónica, como, por exemplo, a “Solicitud de prácticas externas extracurriculares do Consello Social”, a “Solicitud de defensa da tese de doutoramento” ou a “Solicitud polo doutorando/a para que a súa tese sexa definitiva a través de medios telemáticos”. Un paso importante que se desenvolveu durante o curso 2022-2023 foi a actualización da **sede electrónica** da USC no que respecta ao sometemento das teses de doutoramento. Actualmente o propio doutorando subirá á súa secretaría virtual persoal toda a documentación requirida para a finalización da súa tese.

A automatización deste proceso facilita de forma significativa o traballo de recompilación de documentación, así como unha mellora na aceleración do proceso de sometemento da tese de doutoramento.

O **Centro de Linguas Modernas** recuperou a súa actividade normalizada logo do confinamento. No curso 2019-2020 impartíronse un total de 147 cursos, nos que participaron 1.032 estudantes, ademais da acollida de 898 persoas nas probas de competencia lingüística. No curso 2021-2022, o incremento da actividade do CLM viuse beneficiado coa celebración de 214 cursos nos que participou un total de 1.238 estudantes. As probas de competencia lingüística acolleron 2.379 persoas.



FOTO Alumnado no CLM.

1.4 TRANSFORMAR O MODELO DE XESTIÓN DA CALIDADE

A USC optou pola **acreditación institucional** (Real decreto 640/2021, do 27 de xullo) dos centros universitarios como alternativa ao modelo ordinario de renovación da acreditación das titulacións oficiais. Os centros acreditados son: Escola Politécnica Superior de Enxeñaría, Escola Técnica Superior de Enxeñaría, Facultade de Ciencias, Facultade de Bioloxía, Facultade de Psicoloxía, Facultade de Ciencias da Comunicación, Facultade de Administración de Empresas, Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais.

En canto á consolidación da acreditación internacional dos títulos cómpre sinalar:

- A renovación do **IChemE** para o Grao e Mestrado en Enxeñaría Química.
- **A renovación da acreditación europea da European Association of Establishments for Veterinary Education (EAEVE) para o Grao en Veterinaria.**
- **Acto de entrega dos selos EUR-ACE aos títulos de Grao de Enxeñaría Civil, Enxeñaría Forestal e do Medio Natural e Mestrado Universitario en Enxeñaría de Montes.**



FOTO Acto de concesión do selo EUR-ACE ás Enxeñarías Agrícola e Agroeconómica do Campus de Lugo.

No que respecta á mellora continua, **racionalizáronse os procedementos** e indicadores seguintes:

- Mellora da xestión de títulos universitarios centrado no establecemento dun procedemento na USC que facilite aos coordinadores dos títulos universitarios a obtención, procesado e agregación de indicadores e informes.
- Institucionalizar unha xornada anual dedicada á calidade para establecer unha reflexión dos implicados nos sistemas de garantía de calidade respecto á súa mellora continua.
- Realizar accións formativas sobre calidade para o PDI e o PAS, a través de cursos de formación específica en calidade.
- Fomentar a participación nas enquisas incluídas no SGC e melloras nas ferramentas de xestión empregadas para elas.
- Promover o contacto con egresados e a súa implicación na garantía da calidade do proceso ensino/aprendizaxe na USC.
- Elaborar un modelo de guía docente ou programa para a programación das materias.
- Tamén se asinou un acordo coas Universidades da Coruña e Vigo para homoxeneizar determinadas ferramentas de calidade, en concreto, as enquisas de satisfacción de grupos de interese e o panel de indicadores e informes, no que atinxe aos títulos interuniversitarios, especialmente de mestrado e doutoramento.

Instaurouse os premios ás **boas prácticas na área de calidade** dos centros, así como a creación dun repositorio que permita ter unha biblioteca onde recoller aqueles aspectos que poidan ser extrapolables ao conxunto de títulos de grao e mestrado.




FOTO Foto de familia no acto da entrega de premios ás boas prácticas de calidade.

2

COMPROMETERSE CO PERSOAL

“O persoal da USC constitúe un dos seus activos esenciais e unha das súas principais fortalezas. Co fin de responder os novos desafíos é preciso elaborar un plan de renovación do cadro de persoal de PDI e PAS e adoptar medidas de recoñecemento do seu esforzo que reafirmen a súa motivación e o compromiso coa institución.”

CRONOGRAMA DAS ACCIÓNS



2.1 DEFINIR UN PLAN DE PERSOAL (PDI E PAS)

Polo que se refire á política de PDI, cómpre salientar en primeiro lugar a aprobación en marzo de 2019 do Plan Plurianual de Profesorado 2019-2022, un documento no que se recollen as liñas mestras que rexeron as actuacións ao longo deste cuadrenio. Os obxectivos fundamentais consistían en garantir a renovación xeracional, a través fundamentalmente da incorporación de profesorado axudante doutor, axilizar o proceso de estabilización do profesorado e persoal investigador con contratos temporais, e posibilitar a promoción do profesorado acreditado para os diferentes corpos docentes universitarios.

A figura recolle o número de prazas creadas ao longo do período analizado e permite apreciar o incremento experimentado en todas as categorías consideradas. Cabe destacar moi especialmente o [incremento no número de prazas creadas de profesorado axudante doutor](#) (desde as 16 creadas no curso 2018-2019 ata as máis 50 de media creadas nos catro anos posteriores). Por outra banda, nas categorías de profesorado titular e catedrático/a, as prazas creadas permitiron eliminar as grandes bolsas de profesorado acreditado existentes ao inicio do período.

CAPTACIÓN E PROMOCIÓN DO PDI




GRÁFICO Creación de novas prazas nos últimos cinco cursos

A distribución actual do cadro de persoal de PDI é practicamente paritaria nas categorías de profesorado titular, profesorado contratado doutor e profesorado axudante doutor, onde as mulleres supoñen o 47%, o 50% e o 56%, respectivamente. Porén, segue existindo un importante desequilibrio na categoría de catedrático/a, onde, a pesar da evolución

favorable apreciada nos últimos anos, a presenza de mulleres só supón o 30%.

A idade media do profesorado axudante doutor, profesorado contratado doutor, profesorado titular e catedrático/a é: 39,0, 50,9, 56,6 e 61,2 anos, respectivamente.

A evolución das OPE do PAS tamén se indica no gráfico anexo, mantense a tendencia de configurar un número de prazas que permiten seguir coa estratexia do relevo xeracional.



FOTO Docente dando clase.

Cómpre salientar a convocatoria realizada para a estabilización extraordinaria de PAS ao abeiro da Lei 20/2021 de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público. Nesta convocatoria ofertáronse un total de 18 prazas de PAS funcionario correspondentes a tres escalas diferentes e 46 prazas de PAS laboral de 23 categorías.

Solicitaron a súa participación un total de 230 aspirantes para as prazas de laborais e 172 para as prazas de funcionarios. A publicación no DOG da relación provisional de persoal admitido e excluído tivo lugar o día 20 de abril de 2023

CAPTACIÓN E PROMOCIÓN DO PAS




GRÁFICO Evolución da captación e promoción do PAS.

A distribución actual por sexo do cadro de PAS oscila entre un 38,5% de mulleres para o grupo laboral IV ata un 77,3% de mulleres para o funcionariado A2. A idade media de todos os grupos e subgrupos atópase no intervalo 49,3-55,0 anos.

2.2 ADAPTAR AS ESTRUTURAS DE ORDENACIÓN DO PERSOAL ÁS NECESIDADES DA USC

O persoal investigador e de apoio á investigación conta dende o 30 de xullo de 2021 cun novo marco laboral en materia de clasificación profesional e condicións retributivas logo do acordo asinado coa representación sindical, nomeadamente CCOO, CIG e UGT. Este acordo sitúa a USC como pioneira na regulación deste persoal no camiño da [estruturación e consolidación da carreira investigadora](#). Este acordo materializouse coa publicación no [DOG nº 237 do 24/11/2020](#) da Resolución de 30 de outubro de 2020, da Dirección Xeral de Relacións Laborais, do acordo sobre a clasificación profesional e as condicións retributivas do persoal investigador e do persoal de apoio á investigación da USC. Derivado desta actuación, o 24/11/2021 asinouse un acordo para [o recoñecemento da antigüidade ao persoal](#) con contratos predoutorais e posdoutorais así como ao de Proxectos do capítulo VI (persoal contratado con cargo a proxectos de investigación). Así mesmo, estase a levar a cabo actualmente o proceso de [estabilización extraordinario do persoal investigador e de apoio á investigación](#), en virtude do cal convocáronse 113 prazas. Este proceso atópase na súa fase de resolución neste primeiro semestre de 2023.

2.3 ACTUALIZAR A NORMATIVA DE PERSOAL

No apartado de regulamentos, respecto ao PDI, os actualizados neste período e aplicados a partir do curso 2019/2020, 2020/2021 e 2021/2022 foron:

- Regulamento de selección de profesorado non permanente no CG do 07/02/2020.
- Regulamento de selección de profesorado permanente no CG 27/09/2019.
- Regulación de profesorado emérito (CG 18/07/19) e ad honorem (CG 29/10/2019).
- Regulamento de cambio de área no CG do 24/07/2020.
- Regulamento para o cambio de adscrición de prazas nos campus no CG 19/06/2020.
- [Normativa sobre prelación de categorías de profesorado e determinación da antigüidade para efectos internos na USC no CG do 29/06/2022.](#)

Realizáronse diversas melloras de carácter informático nos procesos selectivos de PDI, que permitiron a celebración de concursos por vía telemática:

- Módulo de solicitudes de profesorado non permanente (07/2019).
- Módulo de solicitudes de profesorado permanente (10/2019).
- Módulo da xestión da documentación polas comisións de selección (04/2020).



FOTO Sinatura do acordo para o recoñecemento da antigüidade ao persoal investigador e de apoio á investigación da USC.

Respecto ao PAS, aprobáronse os seguintes regulamentos:

- Regulamento de selección de PAS (CG 30/10/2020).
- Regulamento Mobilidade PAS Funcionario (CG 30/10/2020 e modificado por CG 28/12/2022).

Respecto ao persoal investigador e de apoio á investigación no marco de actividades e programas de I+D+i, tivo lugar aprobación do Regulamento de selección (CG 29/10/2019, modificado por CG do 04/02/2020, e 28/10/2022).

2.4 REFORMULAR A CUANTIFICACIÓN DAS ACTIVIDADES DOCENTES, INVESTIGADORAS E DE XESTIÓN NA XORNADA LABORAL

A definición dos novos criterios que deben permitir mellorar a valoración das actividades docentes, investigadoras e de xestión completouse co cálculo para as necesidades das áreas co obxectivo de garantir un mínimo coñecemento das actividades que foi reflectido no PAA.

2.5 DESENVOLVER UN PROGRAMA DE FORMACIÓN DE PERSOAL

O plan de formación de PAS no ano 2021 estableceuse a partir de organización de 68 actividades formativas, para as cales se recibiron 1.380 solicitudes, delas foron seleccionadas un 80%, achegando un total de 1.025 diplomas ao final da acción formativa. Na área de formación operativa propuxéronse un total de 37 cursos, na de seguridade e prevención un total de 10 cunha participación de 186 persoas, mentres que na área de apoio a procesos e cursos selectivos realizáronse 9 accións formativas.

No ano 2022, e derivado do plan de estabilización, o número de actividades organizadas foi de 89, para as cales se recibiron 6.066 solicitudes e foron finalmente seleccionadas 2.659, achegando un total de 2.310 diplomas. Na área de formación operativa o total de cursos foi de 63, e na seguridade e prevención o número de actividades foron 25 coa participación de 1.332 persoas

2.6 FOMENTAR A CONCILIACIÓN DA VIDA LABORAL, FAMILIAR E PERSOAL

No [DOG nº 118 do 23/06/21 publicouse a Resolución de 14 de xuño de 2021 do acordo de 28 de maio de 2021](#), do Consello de Goberno, polo que se aproba o acordo sobre a prestación de servizos na modalidade de teletraballo no ámbito do persoal de administración de servizos.

Na primeira convocatoria (29/10/2021) presentáronse 157 solicitudes (85 mulleres e 72 homes) das que o 56% foron autorizadas (das cales 43 pertencían a mulleres e 46 a homes).

Realizado o seguimento semestral a través das enquisas pertinentes ao persoal que teletraballa e ás persoas

supervisoras, quedou posto de manifesto que o grao medio de cumprimento cos obxectivos do programa individual de teletraballo foi do 95,0 % na opinión do persoal supervisor, e do 97,5 % na dos/as teletraballadores/as.

Así mesmo, o grao de satisfacción do persoal supervisor coa prestación de servizos en réxime de teletraballo das persoas teletraballadoras é de 90,4 puntos sobre 100 como valor medio. O 97,8 % do persoal que presta servizos en modalidade de teletraballo que respostou a enquisa considera suficiente a formación proporcionada pola USC para acometer o teletraballo. O 100 % deste persoal que cubriron a enquisa volverían a concorrer a unha nova convocatoria de teletraballo. Globalmente, o grao de satisfacción coa prestación de servizos en réxime de teletraballo das persoas que deron resposta á enquisa é de 9,2 puntos sobre 10.

Na segunda convocatoria (11/10/2022), presentáronse 116 solicitudes (71 mulleres e 45 homes), das que o 53% foron autorizadas (38 pertencen a mulleres e 23 a homes).



FOTO Teletraballo na USC.



3

POÑERSE AO SERVIZO DA SOCIEDADE

“*Cómpre impulsar accións e estratexias para consolidar a imaxe da Universidade de Santiago de Compostela na sociedade e para convertela nun símbolo de coñecemento, cultura e innovación, como motor da sociedade galega e como referente de calidade internacional nun mundo globalizado*”

CRONOGRAMA DAS ACCIÓNS



3.1 INTEGRAR OS CAMPUS NAS CIDADES

A colaboración coa administración local e autonómica, así como coas deputacións da Coruña e Lugo foi ben intensa, o que permitiu a materialización de numerosas accións de carácter cultural e deportivo como na mellora das infraestruturas. Pódese destacar:

- Compromiso do Concello de Santiago para a mellora da urbanización do Campus e actuacións de conservación.
- [Programa de actividades baixo a denominación “Aterrancampusterra” que permitiu á mocidade coñecer as actividades, servizos e espazos que ofrece tanto o cidade de Lugo como o propio Campus de Lugo.](#)
- [Apertura das rúas Elisa e Jimena Fernández de la Vega no Campus Vida da USC no marco da creación da Cidade da Saúde.](#)
- [Acordo de colaboración entre a USC, Deputación da Coruña, Concello de Santiago e Xunta para renovar as pistas de do Campus Vida.](#)

[A USC asinou coa Deputación de Lugo](#) un convenio de colaboración para a actualización, análise, mantemento e mellora da Enquisa de Infraestruturas e Equipamentos Locais da provincia de Lugo. Asemade, coa Deputación de Pontevedra, e no marco



FOTO A renovación das pistas de atletismos permitirá o seu uso para adestrar por parte de deportistas federados/as.

da Cátedra Iberoamericana, asinou un convenio co proxecto [‘Pontevedra en América: unha mirada en feminino’](#) no que se rescatou a experiencia e a mirada feminina da emigración.



FOTO Sinatura Convenio Deputación de Lugo.

Creación do **Hub DATAlife** co obxectivo de impulsar o valor de Galicia como bio-rexión europea de referencia actuando como panca estratéxica para a innovación e a competencia empresarial en 3 focos estratéxicos: biorecursos, sustentabilidade e saúde. Os socios fundadores de DATAlife son BIOGA, ANFACO-CECOPESCA, CESGA, Cluster Saúde de Galicia, Cluster TIC de Galicia, CZ Veterinaria, FINSA, Gradient, Televés e a USC.

O [mecenado](#) estruturouse en tres liñas de actuación:

- [Programa de gran mecenado propiamente dito que supera as aportacións de máis de 3.000 € anuais que centrou fundamentalmente na elaboración de dous convenios co Grupo Santander](#) (2020-2021, 2022-2024) cunha aportación global de 7.800.000 € dedicados a tres grandes eixes de accións: educación (por exemplo, bolsas de iniciación á investigación ou programa propio de contratos pre-doutorais), empregabilidade (por exemplo, programa propio de contratos de post-doc) e emprendemento (por exemplo, [valorización de patentes ou programa Argos e Explorer](#)).
- Desenvolvemento do programa propio de micromecenado “Sumo Valor” que implica a empresas,



FOTO Programa Sumo Valor.

persoas e institucións nas actividades, proxectos e servizos cos que a USC demostra a súa permanente conexión coa sociedade. A contía recadada ata o momento supera os 100.000 € coas achegas de máis de 2.000 persoas físicas ou xurídicas.

- Potenciación das cátedras institucionais co dobre obxectivo de potenciar a formación do estudante (por exemplo, cun programa de prácticas extracurriculares remuneradas e premios ao TFG e TFM) e de conectar e transferir e visualizar as actividades de I+D+i na sociedade. O global de orzamento mobilizado polas cátedras está preto dos 850.000 € anuais.
- Novas cátedras creadas: [Cátedra de Cronicidade \(patrocinada por Otsuka, Bahia Software, Daichi-Sankyo e Philips\)](#), Cátedra de Neuro-radioloxía Intervencionista (patrocinada pola empresa Balt Spain), Cátedra de RTVE, Cátedra de Implantoloxía Avanzada Galimplant, Cátedra de Transición Enerxética Genesal Energy, Cátedra Vida Saudable (patrocinada pola Xunta de Galicia), Cátedra Raiña Sofía de

Investigación Renal (patrocinada pola Fundación Renal Iñigo Álvarez de Toledo) e Cátedra TiCare en Investigación en Osteointegración.

- Cátedras renovadas: Cátedra da Empresa Familiar (patrocinada pola Asociación Galega da Empresa Familiar, o Instituto de Empresa Familiar e Inditex), Cátedra da Cruz Bermella, Cátedra de Educación Médica USC-SEMERGEN, Cátedra de Enfermidades Metabólicas Hereditarias (patrocinada por Sanofi-Aventis), Cátedra de Hidroloxía Médica USC-Balnearios de Galicia, Cátedra do Camiño de Santiago e as Peregrinacións, Cátedra do Pan e do Cereal (estas tres últimas patrocinadas pola Xunta de Galicia), Cátedra Juana de Vega e Cátedra Inditex de Lingua e Cultura Españolas.

Cómpre destacar o proxecto “Higea” posto en marcha en decembro do 2020 pola Cátedra de Cronicidade para facilitar o contacto dos pacientes hospitalizados por COVID-19 coa súa familia. No 2021 foi recoñecido co primeiro premio Afectivo-Efectivo outorgado por Jansen Pharmaceutical Companies of Johnson & Johnson.



FOTO O voluntariado facilitou a conexión amigable, cálida e de proximidade cos enfermos de Covid no marco do Programa Higea.



FOTO Acto Cátedra de Transición Enerxética Genesal Energy.

3.2 POTENCIAR O USO DA LINGUA GALEGA EN TODOS OS ÁMBITOS

No eido normativo os elementos máis salientables foron a aprobación polo Claustro do [Plan de Accións de Normalización Lingüística 2020-2022](#) que actualizaba o anterior plan que databa de 2010 e a aprobación polo Consello de Goberno do [Regulamento de Usos Lingüísticos da USC](#) que actualizaba un documento anterior de 1993. O estado do uso de galego na docencia foi incrementándose ao longo dos cursos, dende o 20,1% nas titulacións de grao no 2019-2020 ata o **23,6 % acadado ao 31/12/22**. Unha mesma tendencia obsérvase para as titulacións de mestrado, se ben neste caso se percibe un uso de galego máis alto en comparación cos estudos de grao, cun valor de 21,6% no curso

2019-2020 que ascende a un 33,5% ao finais do 2022.




GRÁFICO Valores do uso do galego na docencia de graos e mestrados.

A situación nas facultades e escolas é moi dispar, con situacións de uso do galego na docencia menor a un 5% (fundamentalmente nas titulacións da área de Ciencias da Saúde) ou superior a un 75% nalgunhas titulacións da área de Ciencias Sociais. En consecuencia, a suba no número global debe dirixirse fundamentalmente en prol da potenciación das accións de normalización das titulacións de Ciencias da Saúde, pois acumulan un gran número de horas no seu PDA (fundamentalmente polas prácticas) e, polo tanto, o seu valor ponderado no indicador final é notable.

Outros fitos que se debe salientar:

- Reactivación do [Premio Luís Porteiro Garea](#) en recoñecemento ao profesorado da USC que destacou polo uso e difusión da nosa lingua: Xosé Antonio Gómez Segade (2019), Antón Costa Rico (2020), Antonio Rigueiro Rodríguez (2021) e Xosé Manuel Beiras Torrado (2022).



FOTO Xosé Manuel Beiras recibiu o Premio Luís Porteiro Garea na súa V Edición.

- A creación da [ESENCIAIS](#) no que hai dispoñible máis de 40 documentos (a maior parte en aberto como exemplo de ciencia cidadán).
- Conmemoración do [Días das Letras Galegas](#) que leva aparelado a publicación dun libro polo Servizo de Publicacións e Intercambio Científico da USC: Antonio Fraguas Fraguas (2019), Ricardo Carvalho Calero (2020), Xela Arias Castaño (2021), Florencio Delgado Gurriarán (2022).



FOTO ESENCIAIS.

- A posta en marcha do **“Proxecto Nós”**, de Intelixencia Artificial ao servizo da lingua galega, como o inicio de incorporación do galego no ámbito dixital. Este proxecto é un acordo acadado entre a USC e a Xunta de Galicia, contando coa participación do Instituto da Lingua Galega e do Centro Singular de Investigacións en Tecnoloxías Intelixentes (CI-TIUS) no marco dos proxectos Next Generation.
- Colaboración co portal GCiencia para que os artigos de divulgación científica publicados polo PDI da USC na plataforma en aberto The Conversation España (no que xa atinximos máis de 1.750.000 lecturas) sexan tamén publicados cunha versión en galego.



FOTO Alumnado lendo obras de Florencio Delgado, homexaeado no Día das Letras Galegas 2022.




FIGURA Uso do galego na docencia para as diversas Escolas e Facultades no curso 2022-2023

3.3 AVANZAR NA IGUALDADE E NA SUSTENTABILIDADE

No Consello de Goberno do 28/05/21 aprobouse o [III Plan Estratéxico de Igualdade de Oportunidades entre Mulleres e Homes](#) na USC (2021-2024). O Plan contén 9 obxectivos xerais, 21 específicos e 85 accións nas seguintes áreas:

- Área 1. Cultura institucional.
- Área 2. Docencia, investigación e transferencia.
- Área 3. Presenza, promoción e representación.
- Área 4. Conciliación corresponsable.
- Área 5. Acoso e violencia de xénero.
- Área 6. Condicións sociosanitarias no traballo.

Co obxecto de seguir avanzando nos dereitos de colectivos vulnerables elaborouse o Protocolo de actuación para os cambios de nome e de mención relativa ao sexo das persoas transexuais, transxénero e intersexuais na USC, aprobado por acordo do Consello de Goberno do 27 de xaneiro de 2022.

Algunhas das actividades a subliñar foron:

- XIII Encontro da Rede de Unidades de Igualdade de Xénero para a Excelencia Universitaria' (RUI-GEU) coordinado pola USC.
- A concesión do doutoramento "honoris causa" ás



FOTO Acto de entrega Honoris Causa a Mary Beard.

profesoras María Emilia Casas e Mary Beard.

- O proxecto INNOVATIA 8.3 representou a España nos Premios Europeos á Promoción Empresarial 2022.

No plano da [Sustentabilidade](#), algunhas das accións que se deben destacar son:

- Sistematización na recollida e reutilización de aparellos eléctricos e electrónicos (incluído o equipamento informático), que permitiu sanear tanto os almacéns centrais como os depósitos de cada centro. Puidéronse xestionar unhas 25 toneladas.
- [Optimización enerxética](#) que leva a unha maior ecoeficiencia e redución das emisións de CO₂ nas edificacións e nas infraestruturas. As intervencións beneficiaron á Residencia Universitaria Burgo das Nacións, a Piscina da USC, a Facultade de Psicoloxía e a Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais en Santiago de Compostela, Edificio Intercentros de Lugo.
- Acondicionamento da rúa Doutor Ángel Jorge Echeverri e a Praza do Seminario de Estudos Galegos reducindo o número de prazas de aparcamento e liberando unha das beirarrúas.
- Mellora da accesibilidade do estadio de atletismo para favorecer a participación de persoas con mobilidade reducida.
- Sinatura de acordos con cafeterías, comedores e concesionarias de máquinas expendedoras para



FOTO Praza de Seminarios de Estudos Galegos.

acadar a curto e medio prazo a redución efectiva de plástico.

- Asesoría con COGAMI para mellorar a accesibilidade no conxunto de Campus.
- [Organización do Encontro Internacional de Rectores no Camiño de Santiago](#). (9-11 de outubro de 2019), coa participación de 25 universidades europeas e americanas, do Alto Comisionado para a Axenda 2030 do Goberno de España.
- [Sinatura do compromiso das tres universidades galegas a prol da Axenda 2030](#).
- Celebración do [VIII Congreso Universidade e COOPERACIÓN ao Desenvolvemento, Coñecemento e Compromiso social ante os retos globais](#), con preto de 300 asistentes e representación de case todas as Universidades españolas e 7 países.

3.4 PROFUNDAR NA CULTURA DA TRANSPARENCIA

Todas as solicitudes en materia de transparencia e de accesibilidade web, en aplicación da Instrución de Secretaría Xeral 3/2019, do 4 de decembro, realízanse na Sede Electrónica, na que os e as cidadáns teñen a disposición os procedementos para formalizar estas solicitudes, cuxa resposta está encomendada á Secretaría Xeral.

3.5 ELABORAR UNHA NOVA POLÍTICA DE COMUNICACIÓN E DE IMAXE INTERNACIONAL

Unha reformulación completa da páxina web, non só dende o punto de vista de deseño senon tamén no seu carácter funcional e modular, que permite unha comunicación interna e externa máis áxil, coa creación dunha intranet nos centros que alixeira a visualización e accesibilidade da información. Asemade, tal e como xa se sinalou nos datos relativos ao eixe 1 a app institucional estase a converter no mecanismo principal de comunicación co estudiantado.

3.6 IMPULSAR O PROXECTO CULTURAL DA USC COMO UN ESPAZO DE INNOVACIÓN E CREACIÓN QUE SITÚE A UNIVERSIDADE NA VANGARDA

O elemento esencial foi a posta en marcha do [Museo Virtual](#) que alberga preto de mil bens inventariados aos que xa se pode acceder de balde. O apartado da páxina web denominado 'Coleccións' recolle unha selección de cen pezas singulares reunidas nos bloques 'Contemporánea', 'Espazos', 'Retratos' e 'Vitores'. Mediante o epígrafe 'Itinerarios' pódense visitar conxuntos de bens agrupados segundo algunha relación temática que poderá ir variando co tempo. No apartado 'Localización' contéñense as pezas segundo a súa situación por edificios da Universidade. Finalmente, o apartado 'Explora' é unha ferramenta de busca que permite acceder á totalidade dos bens, realizando procuras por título, autoría, data ou localización.

Ademais, tamén se desenvolveu un plan de axudas cun maior desenvolvemento de actividades e definición dun maior aporte económico, a creación da plataforma "Facebook en cultura" en outubro de 2019 e o deseño das actividades no marco do Bicentenario de Concepción Arenal tamén son algunhas mostras do compromiso de defensa e fomento da cultura na USC.

[Sen pretender facer unha relación exhaustiva das exposicións realizadas](#), a continuación sinálanse algunhas das celebradas no Pazo de Fonseca:

- "Valente e a unidade das artes"
- "Concepción Arenal, a conciencia da razón"
- "Dona Emilia e Compostela"



FOTO Exposición Minerva Pazo de Fonseca.

- “A Minerva compostelá: As súas glorias”
- “Os Sons da Pedra. O ronsel do Mestre Mateo”
- “A Minerva compostelá no seu pasado”

3.7 DINAMIZAR AS RELACIÓNS DOS DEMAIS ÓRGANOS DA UNIVERSIDADE CO CONSELLO SOCIAL

No plano das relacións dos órganos unipersoais de goberno co Consello Social debe poñerse en valor o Plan de Actividades do Consello Social para o período 2020-2023 aprobado na sesión deste órgano do 30 de xullo de 2020, que recolle diversas liñas de actuación formuladas logo dos correspondentes contactos con diferentes órganos unipersoais e que implican na súa execución, en maior ou menor medida, ao goberno da Universidade no seu conxunto.

Algúns dos feitos senlleiros:

- Ratificación do Regulamento de Xestión Orzamentaria [22/01/2021].
- Observatorio de Empregabilidade da USC [12/03/2021].
- Co ánimo de dinamizar a colaboración cos axentes integrantes do Consello Social, na sesión plenaria do día 12/03/2021 déuselle luz verde ás bases para levar a cabo o Recoñecemento á Traxectoria Profesional de persoas que cursaron os seus estudos na nosa Universidade.

Tamén se aprobaron as bases do premio Humanitas, modificadas na sesión do 07/05/2021.

- [Regulamento de Xestión Patrimonial](#) da USC, publicado no DOG o 23 de febreiro do 2022.

3.8 IMPULSAR O SISTEMA DE XESTIÓN DA SEGURIDADE DA INFORMACIÓN E PROTECCIÓN DE DATOS

Co obxecto de cumprir cos requirimentos do Esquema Nacional de Seguridade (ENS) créanse a área de Seguridade da Información e o posto de responsable de Seguridade da Información por acordo do Consello de Goberno do 29 de xullo de 2019. Os traballos levados a cabo durante o ano 2020 e 2021 culminaron na certificación de diversos procedementos polo ENS que sitúa a USC no grupo líder de universidades españolas. Os sistemas avaliados foron: xestión académica, xestión de persoal, sede electrónica, deportes, docencia virtual e calidade.

No plano da formación e da concienciación pódense destacar algunhas das accións realizadas que están compiladas na web de formación en seguridade da información ([Seguridade da información | Universidade de Santiago de Compostela \(usc.gal\)](#)):

- Comprobando a nosa resposta: ataque simulado ás contas institucionais de correo electrónico.



FOTO Consello Social.

- Cautela no uso do correo electrónico: medidas para evitar caer en ataques de suplantación de identidade ou fraude.
- Seguridade no posto de traballo: boas prácticas de seguridade no posto de traballo.
- Fendas de seguridade. Tratábase de aprender a identificar as fendas de seguridade e de saber como proceder cando se detectan.
- Traballo con móbiles e portátiles: seguridade cando traballamos fóra da oficina.
- Uso das redes sociais: medidas para protexer a nosa privacidade e seguridade cando usamos as redes sociais
- Correo lixo, eliminación e arquivo de correos electrónicos: preguntas e respostas sobre correo lixo e incidentes de perdas de mensaxe.

No eido da protección de datos persoais, dadas as circunstancias derivadas da COVID-19 os esforzos centráronse fundamentalmente en tratar de conseguir que o traballo remoto fora seguro e, en particular, que a docencia e as avaliacións se desenvolveran con pleno respecto á protección de datos. Para estes efectos, ditáronse diferentes normas ao longo desta crise sanitaria:

- [Resolución Reitoral do 1 de setembro de 2021 pola que se dispoñen medidas fronte á covid-19 para o inicio do curso 2021-2022.](#)
- Resolución Reitoral do 29 de outubro de 2021 pola que se modifican as medidas fronte á COVID-19 para o curso 2021-2022.
- [Instrución 2/2021 da Secretaría Xeral pola que se establecen medidas para o uso seguro dos medios telemáticos na docencia, a avaliación e o funcionamento dos órganos colexiados no curso 2021/2022.](#)

No plano da formación en **protección de datos**, os esforzos centráronse, no caso do PDI, na impartición de cursos a través do PFID e, no do PAS, na realización de varias edicións dun taller en materia de protección de datos, destinado inicialmente ao persoal dos centros. Tamén se elaboraron novos modelos de cláusulas informativas nesta materia, avisos legais, de privacidade, de contratos de encargo de tratamento, fichas de declaración de tratamentos, etc. Así mesmo aprobouse un protocolo para a revisión e autorización de difusión de enquisas mediante a [Resolución Reitoral pola que se establece o procedemento de autorización de remisión de enquisas a membros da Comunidade Universitaria.](#)

Dende o 2022 a USC está traballando conxuntamente con outras 15 universidades, no marco da convocatoria UniDigital, no desenvolvemento común dun sistema para a xestión electrónica de procedementos de protección de datos (PROTDAT) co obxecto de facilitar a xestión de todos os procedementos de protección de datos que as universidades deben realizar.

En relación coa accesibilidade web, a finais de outubro de 2021 emitiuse o informe preceptivo e enviouse ao Observatorio de Accesibilidade. Nel destácase que o deseño do novo modelo do sitio web da USC cumpre co estándar WCAG 2.0 (Web Content Accessibility Guidelines) con nivel AA, que é o recomendado polo World Wide Web Consortium (W3C), consorcio internacional que establece os estándares para o crecemento a longo prazo da web global e a súa accesibilidade universal.



FOTO Ciberseguridade.




4

SITUAR O COÑECEMENTO DA USC NA VANGARDA

“O avance do coñecemento e a súa contribución ao desenvolvemento da sociedade está no ADN da USC. A nosa oferta académica debe estar en plena consonancia coas demandas e necesidades da sociedade. As estruturas de investigación deberán dar resposta aos retos da multidisciplinaridade, potenciando a fortaleza das cinco Grandes Áreas.”

CRONOGRAMA DAS ACCIÓNS



— PRAZO INICIAL ■■■■■■■■■■ ACCIÓNS NON COMPLETADAS

4.1 ELABORAR O PLAN ESTRATÉXICO DA USC PARA O PERÍODO 2021-2030

En función das circunstancias excepcionais ocorridas nestes anos derivadas da pandemia da COVID-19 e da invasión de Ucraína optouse por considerar a Programación Plurianual como asimilable ao Plan Estratéxico da Universidade e desenvolver os plans sectoriais que se tiñan contemplados na programación como, por exemplo, o [Plan Plurianual de Profesorado](#), [Plan de Infraestruturas](#), [Plan de Igualdade](#) ou o [Plan de Estratexia Enerxética](#).




GRÁFICO Desempeño docente e Producción Científica media das diferentes áreas de coñecemento da Universidade no período 2013-2020.



FOTO Xuntanza do Consello de Goberno.

Como traballo analítico para as diversas actuacións realizáronse as seguintes actividades: (1) mapeado da carga de xestión nos diferentes centros para analizar os efectos da implantación no Plan Boloña que desembocou na reformulación dos cargos directivos dos centros; (2) mapeado do desempeño docente confrontado coa produción investigadora, co efecto no Plan Plurianual de Profesorado e a configuración de novos Centros de Investigación; (3) análise e definición da demanda das competencias que os novos retos da sociedade requirirán dos futuros profesionais que tivo repercusión na configuración dinámica dos novos graos e mestrados.

4.2 REDEFINIR A OFERTA DE TITULACIÓNS DE GRAO E MESTRADO

Análise anual de estado dos Graos que se ofertan en Galicia por cada grande área (ver gráfico) para ter un diagnóstico das fortalezas e debilidades da USC no marco do SUG.

TITULACIÓNS DE GRAO NO SUG non inclúe os dobres graos




GRÁFICO Titulacións de Grao no SUG no curso 2022-2023

No que respecta á incorporación de novas titulacións na oferta académica de grao e mestrado nos cursos 2019-2020, 2020-2021, 2021-2022 e 2022-2023 destacan as seguintes:

- Dobre título na área de Enxeñaría Química entre a USC e U Concepción (Chile): Mestrado en Enxeñaría Química e Bioprocesos (USC) e Grao de Licenciado en Ciencias de la Ingeniería (Chile) que outorga o título profesional de Enxeñeiro Civil Químico.
- [Dobre título na área de Enxeñaría Química entre a USC e a Pontificia Universidad Católica de Valparaíso: Mestrado en Enxeñaría Química e Bioprocesos \(USC\) e Grado de Licenciado en Ciencias de la Ingeniería \(Chile\) que outorga o título profesional de Enxeñeiro Civil Bioquímico.](#)
- Mestrado en Planificación e Xestión Territorial.
- Mestrado Interuniversitario en Nanociencia e Nanotecnoloxía (USC e UVigo).
- No ámbito da elaboración de titulacións conxuntas con institucións estranxeiras, cómpre salientar

a proposta de dous mestrados dentro do proxecto UNISF no marco INTERREG - POPTEC [Universidades sen Fronteiras](#).

- Mestrado en Desafíos das Cidades (UDC, Universidade do Minho, Universidade do Porto, USC, Universidade de Trás-Os-Montes e Alto Douro, UVigo).
- Mestrado en Dereito Transnacional da Empresa e das Tecnoloxías Dixitais (USC e Universidade do Minho).
- [Grao en Intelixencia Artificial \(interuniversitario\).](#)
- Grao en Xestión de Empresas Hostaleiras.
- Grao en Robótica.
- Grao en Bioquímica.
- Grao en Empresa e Tecnoloxía.
- Grao en Xestión Cultural.
- Mestrado en Intelixencia Artificial (UDC, USC e UVigo).

- Mestrado en Goberno Local e Políticas Públicas Innovadoras.

En relación coas prácticas académicas, no ano 2021 centráronse os esforzos na consecución dun módulo para a xestión de prácticas. Para mellorar a súa xestión, tamén se redefiniron algúns dos acordos institucionais, como é o caso da unificación de todas as prácticas externas do SERGAS.



FOTO Benvida Alumnado do Grao de Intelixencia Artificial.

4.3 DESENVOLVER E VISIBILIZAR OS ESTUDOS DE DOUTORAMENTO

Desenvolvéronse diversas accións de visibilización e promoción dos estudos de doutoramento tanto a nivel interno (mellora da páxina web) como externo (coa participación en diversas feiras en Norteamérica, Centroamérica, Sudamérica e Oriente Medio). As tarefas de visibilización estiveron acompañadas da reestruturación organizativa das catro Escolas de Doutoramento existentes, co obxecto de evolucionar a unha única Escola. Esta reestruturación foi aprobada no CG do 28/5/2019 e materializada no DOG do 4/10/2019 coa publicación do [DECRETO 118/2019, do 19 de setembro](#).

No que se refire á actuación de índole organizativa dos estudos de doutoramento, podemos destacar dúas liñas de actuación: o fomento do [doutoramento industrial e o reforzo dos sistemas de xestión de doutoramento](#). O fomento do doutoramento industrial incluíu entre outras actividades:

- Actualización do mapa do tecido industrial da co-

munidade autónoma.

- Análise da oferta e capacidade formativa da USC nos ámbitos máis demandados pola sociedade/tecido empresarial.

Respecto da xestión dos estudos de doutoramento, elaboráronse diversas normas para adaptar a situación da investigación ao período de pandemia. É o caso da Resolución Reitoral do 04/12/2020 sobre a posibilidade de petición dunha prórroga extraordinaria derivada da situación sanitaria no curso 2020-2021 e da Resolución Reitoral do 12/06/2020 pola que se establecen medidas no ámbito da tutela académica do alumnado de doutoramento e a posibilidade de solicitar unha prórroga especial como consecuencia da COVID-19.

Así mesmo, elaborouse un novo Regulamento dos estudos de doutoramento da USC, aprobado polo Consello de Goberno de 24 de xullo de 2020.

Creouse o [Boletín nEDIUS](#), boletín de carácter electrónico como principal canle de comunicación que, dende a Escola de Doutoramento Internacional, se puxo en marcha co obxectivo principal de recoller toda a información sobre actividades académicas e formativas, procedementos de xestión e outros asuntos de interese para os estudos de doutoramento na USC.



FOTO Feira EHEB en Yakarta.

4.4 ADECUAR A OFERTA DAS PRAZAS NAS TITULACIÓNS ÁS NECESIDADES SOCIAIS

A hora de definir a oferta do número de prazas das diversas titulacións oficiais da USC cómpre ter en conta a demanda das titulacións existentes así como explorar e crear aqueles títulos que respondan a unha demanda da sociedade. [A evolución do alumnado](#) nestes anos foi, en termos xerais, positiva, superando a barreira dos 20.000 para os matriculados nas titulacións

de grao e un crecemento continuo no alumnado de mestrado (superando os 2.200 no curso 2022-2023). Os títulos de grao que presentan unha cobertura igual ou superior ao 100% das prazas ofertadas representan o 73%; un 11% das titulacións sitúan a súa cobertura entre o 90-100%, que descende a un 8% no tramo 70-90% e igualmente outro 8% de titulacións teñen unha cobertura inferior ao 70%. Por Campus é importante sinalar a recuperación continua do alumnado matriculado nas titulacións que se ofertan no Campus de Lugo, que incrementan a súa demanda nos tres niveis de estudo: grao, mestrado e doutoramento.

ALUMNADO DE USC
por tipoloxía de titulacións




GRÁFICO Evolución do alumnado da USC dende o curso 2018-2019 ao curso 2022-2023 (non se contabiliza o alumnado de mobilidade).

ALUMNADO DE USC
por campus




GRÁFICO Evolución do alumnado da USC nos Campus de Lugo e Santiago dende o curso 2018-2019 ao curso 2022-2023 (non se contabiliza o alumnado de mobilidade).

A distribución por sexo do alumnado matriculado en estudos oficiais da USC mantense bastante estable, con apenas variacións nos últimos anos. A porcentaxe de mulleres no curso 2022-2023 nas titulacións de grao, mestrado e doutoramento é de 63,8%, 58,4% e 51,9%, respectivamente.

O programa [A Ponte](#) e [Xuvenciencia](#) son todo un referente para achegar a USC á cidadanía con diferentes actividades; por exemplo: [USC Camiña](#), [Recoñecemento mellores expedientes](#) ou Charlas Temáticas. Cómpre subliñar a súa adaptación e versatilidade coa creación dos [Encontros virtuais Zona USC](#) que se manteñen logo da súa creación derivada da pandemia da COVID-19, que na súa primeira edición do ano 2020 superaron as 20.000 visitas.



FOTO Xuntanza de presentación de actividades dirixidas alumnado de secundaria e bacharelato no marco do programa A Ponte.

4.5 CONSOLIDAR A OFERTA DOS ESTUDOS PROPIOS

O [Centro de Estudos Propios](#) continuou coa súa ampla oferta de mestrados propios, cursos de especialización, de formación continua e de formación a demanda. A actividade do Centro incluíu tanto novas edicións de cursos e mestrados xa existentes en anos anteriores (algúns deles cunha prolongada traxectoria) como a incorporación de novos títulos e cursos ao catálogo da oferta formativa de carácter non oficial da nosa universidade. Así mesmo, puxéronse en marcha distintas actuacións encamiñadas á difusión da oferta formativa do CEP en departamentos, facultades e escolas, con especial énfase nos cursos do programa de formación específica e a demanda.

No Consello de Goberno do 25/02/2021 aprobáronse dous regulamentos relativos aos estudos propios: por unha banda, o Regulamento de Réxime Interno

do [Centro de Estudos Propios](#) e, por outra, o [Regulamento de Estudos Propios e Formación Permanente da USC](#). O principal obxectivo deste último é o de centralizar e unificar a revisión das actividades docentes non oficiais na USC abertas a terceiros alleos á comunidade universitaria, evitando a súa dispersión, e promover a apertura da oferta formativa ao tecido social e produtivo. Este regulamento foi modificado o 30 de marzo de 2023 para adaptalo aos requirimentos do Real Decreto 822/2021.




GRÁFICO Datos do curso 2021-2022 das actividades no Centro de Estudos Propios.

Rematouse e implantouse un novo módulo de estudos propios en Xescampus para axilizar e modernizar a xestión da oferta académica do centro. Deste xeito o tempo medio máximo para a aprobación dunha proposta de curso propio sitúase nun mes.



FOTO Centro de Estudos Propios.

4.6 PROMOVER OS CAMPUS DE ESPECIALIZACIÓN E NOVAS ESTRUTURAS DE DOCENCIA E INVESTIGACIÓN

Concrétanse neste apartado os avances levados a cabo en torno aos obxectivos de artellar os Campus de especialización coas estruturas docentes e de investigación e de reorganizar e revisar as estruturas de docencia e investigación, promovendo unha igualdade na facilidade de acceso a todos os investigadores independentemente do Campus no que estean localizados. A destacar a redefinición do organigrama de gobernanza do **Campus Terra** que carrexou a obtención da mención de excelencia: “RESOLUCIÓN do 10 de agosto de 2021 pola que se acredita o Campus Terra como campus de especialización do Sistema universitario de Galicia (SUG), de acordo co procedemento establecido na Orde de 10 de setembro de 2019” publicado no [DOG do 8 de setembro de 2021](#).

Elaborouse e implantouse un [sistema CRIS](#) (Current Research Information System) para a difusión da actividade investigadora da USC, analizando de xeito pormenorizado os principais apartados da produción científica de cada un dos investigadores, grupos, departamentos, institutos de investigación e centros singulares. A Universidade participa nunha actividade conxunta coa Universidad de La Rioja, Burgos e Zaragoza para recoller a actividade investigadora de xeito automatizado das principais bases de datos nacionais e internacionais; como por exemplo DIALNET, SCOPUS ou ISI WEB. Unha das últimas funcionalidades incorporadas é a obtención de xeito totalmente automatizado do CVN certificado pola FECYT.



FOTO Concesión da mención de excelencia do Campus Terra.

No que respecta á Rede de Centros Singulares completouse coa creación de tres estruturas:

- [CRETUS \(Centro Interdisciplinar de Investigación en Tecnoloxías Ambientais\)](#).
- [CITMaga \(Centro de Investigación e Tecnoloxía Matemática de Galicia\)](#) de carácter interuniversitario.
- [CISPAC \(Centro de Investigación Interuniversitario das Paisaxes Atlánticas Culturais\)](#).

Asemade, tamén se colaborou coa centro ECOBAS (Centro de Investigación Interuniversitario en Economía e Empresa para a Sociedade) que coordina a Universidade de Vigo. Na reformulación dos Institutos de Investigación creouse o Instituto de Materiais (iMATUS).

4.7 ELABORAR UN PLAN DE CAPTACIÓN E RETENCIÓN DE TALENTO INVESTIGADOR

A política de captación e retención de talento formalizouse vía dúas liñas de acción: (i) programas propios de captación de talento (contratos de iniciación á investigación, contratos predoutorais e investigadores distinguidos) e (ii) captación de RyC (Ramón y Cajal), ERC (European Research Council, vía o programa Oportunus da Xunta de Galicia) e Beatriz Galindo.

Fomentar as vocacións científicas entre o alumnado de grao e mestrado mediante a súa incorporación aos diferentes departamentos das cinco grandes áreas foi un dos programas levados a cabo, outorgando finalmente 30 bolsas cunha duración de 7 meses. O 30/12/21 publicouse unha convocatoria dun [plan propio de captación de persoal investigador en formación](#) dotada con 42 contratos predoutorais (23 con fondos do mecenado do Santander). Esta medida tivo como obxectivo “renovar o persoal, incorporando persoal en formación que nutra no futuro a carreira académica, e atender especialmente aquelas áreas de coñecemento nunha peor situación.

No que respecta ao último período, o 2022, destacan a concesión das seguintes convocatorias para persoal investigador:

- Bolsas para a iniciación á investigación Campus Terra: **14 prazas**

- Bolsas para a iniciación á investigación CRETUS: **14 prazas**
- Axudas á mobilidade de persoal investigador Campus Terra: **27 prazas**
- Convocatoria de contratos predoutorais da USC: **143 prazas**
- Bolsas para a iniciación á investigación para alumnado de Máster (curso 2021-2022): **38 prazas**
- Axudas para o uso das infraestruturas de investigación: **7 prazas**
- Bolsas para a iniciación á investigación iMATUS: **10 prazas**
- Bolsas de verán CiMUS, CiQUS, CiTIUS e IGFAE: **51 prazas**

tro destes proxectos implicaron a incorporación de 3 investigadores externos aos centros de investigación mediante o programa Oportunius de GAIN.

Finalmente, nas dúas últimas convocatorias do programa Beatriz Galindo do Ministerio de Universidades a USC obtivo 5 novas prazas, tres delas no Campus Terra.



FOTO Investigadora nun laboratorio de investigación.




GRÁFICO Número de RyC incorporados no período 2015-2022

A USC converteuse nunha das primeiras universidades de España en dar un marco laboral que regulou a situación do persoal investigador con cargo a proxectos, no ano 2021. Este feito permitiu a convocatoria de prazas propias de “Investigador Distinguido” polas que finalmente se incorporaron 11 investigadores e investigadoras que procedían de Alemaña, España, Estados Unidos, Francia, Italia, Reino Unido e Suecia. No gráfico representase a evolución crecente do número de investigadores ao abeiro do programa Ramón y Cajal do Ministerio que se incorporaron a USC.

Durante os anos anteriores conseguíronse 12 proxectos nas distintas convocatorias do ERC dos cales ca-

4.8 REFORZAR OS SERVIZOS DE APOIO Á DOCENCIA E Á INVESTIGACIÓN

Algunhas das accións realizadas no período 2019-2022, co obxectivo de reforzar o apoio á docencia e á investigación foron os seguintes:

- Convenio de colaboración entre Plataforma Radiofísica e a Fundación ROF CODINA.
- Inauguración do CEBEGA tras conseguir o servizo de primeira licenza e inicio das actividades cos gardas.

Ademais, no Consello de Goberno do 30/10/20 aprobouse o Regulamento para a creación, modificación e supresión das [Plataformas Científico-Tecnolóxicas](#). O regulamento pretende dar resposta á necesidade de actualizar o modelo de organización da investigación da USC co fin de maximizar a calidade da súa produción científica e o impacto que esta pode xerar en favor da sociedade. Trátase, polo tanto, de [definir un novo marco formal para a definición e xestión das Plataformas Científico-Tecnolóxicas](#) que, sobre a base do establecido nos Estatutos vixentes e na Lei 6/2013, do 13 de xuño, do SUG, tome en consideración os principios que rexen o funcionamento actual das unidades de investigación de referencia e incorpore a experiencia e progreso organizativo que se ten consolidado nos pasados anos.

En canto aos sistemas de xestión da investigación destaca:

- BUSC: aprobado o sistema de xestión integrada das bibliotecas del SUG por la CISUG e o acordo con diversas editoriais (vía a CRUE) para a publicación en acceso aberto.
- AHUS: Implantación dun sistema de xestión do Arquivo e iniciada a incorporación do catálogo ao arquivo Galiciana da Xunta de Galicia.



FOTO Centro de Biomedicina Experimental da USC (CEBEGA).

4.9 MELLORAR A TRANSFERENCIA DOS RESULTADOS DE INVESTIGACIÓN

Os datos que se amosan nesta epígrafe son os acadados no período 2021-2022. Parte do mecenado do Banco Santander orientase ás actividades da [Área de Valorización, Transferencia e Emprendemento \(AVTE\)](#).

No apartado de patentes os resultados foron:



FOTO Granxa experimental Gaioso Castro.

- 53 novas comunicacións de invención.
- [28 novas solicitudes de patentes na Oficina Española de Patentes e Marcas](#).
- 20 solicitudes de patente europea (EPO).
- 16 expedientes de patente vía PCT, 7 solicitudes USPTO (EUA), 5 extensións EPO, 2 solicitudes estendidas a Xapón, 2 solicitudes estendidas a Corea, 2 solicitudes estendidas a China, 1 solicitude estendida a México, 2 solicitudes estendidas a Canadá, 1 solicitude estendida a Hong-Kong, 1 solicitude estendida a Brasil e 1 solicitude estendida a Australia.

O acelerador de transferencia supuxo 29 solicitudes que abarcan kits, procedementos, composicións e novos compostos nas áreas de Biotecnoloxía, Física, Enxeñaría Química, Medicina e Química.

O emprendemento se promocionou a través de dúas liñas de acción: Explorer e Argos.

- O programa Explorer derivou en 35 iniciativas empresariais dende o Campus de Lugo e 46 dende o Campus de Santiago.
- O programa propio de emprendemento ARGOS foron 65 os inscritos dos que derivaron 5 ideas de negocio.

No marco do Proxecto BioIncubaTech, iniciouse unha nova actuación de fomento do emprendemento ao orientar os TFG e TFM cara á aplicación empresarial. No 2021 centrouse nos sectores agroalimentario e saúde, e mediante un programa con formato de concurso (presentáronse 119 traballos) premiáronse os mellores traballos de cada categoría.

Finalmente, destacar que a USC conta a finais do 2022 cun total de 28 empresas participadas (EBTs – Spin-off).

Un feito destacado é a creación e posta en marcha da [Granxa Experimental de Gaioso Castro](#) grazas a un colaboración estreita coa Deputación de Lugo, cun orzamento de 2.000.000 €.




5

PROXECTAR A USC POLO MUNDO

“A USC é unha universidade aberta ao mundo, cunha decidida vocación e un enorme potencial de internacionalización. Neste contexto, cómpre traballar de forma resolta e dende todos os sectores da comunidade universitaria no fortalecemento da súa imaxe e visibilidade no exterior.”

CRONOGRAMA DAS ACCIÓNS



5.1 POTENCIAR A MOBILIDADE DAS PERSOAS

Amobilidade das persoas foi un dos elementos nos que máis impactou a pandemia da COVID-19, pois o peche e posterior volta paulatina á “normalidade” lastrou os programas SICUE, Erasmus e de mobilidade por convenio bilateral. Nos cursos 2021-2022 e, especialmente, no 2022-2023 fóronse recuperando gradualmente as cifras de mobilidade previas á pandemia.

O proxecto ‘Aiming to educate by promoting the academic dimension of Erasmus+’ desenvolveu a plataforma en liña [AIMED](#) co obxecto de facilitar as escollas dos destinos europeos do alumnado universitario de intercambio. A través deste proxecto Erasmus+ e dende a unidade de promoción e proxectos internacionais da USC, deuse pulo a esta web que subministra información práctica sobre os destinos, así como aproximacións ao custo de vida nos diferentes campus e á oferta académica de grao e mestrado das universidades participantes.

No que respecta á validación de recoñecementos de estudos, o 31 de xullo de 2019 a Comisión Xeral de Validacións e Recoñecementos, aprobou un sistema de recoñecementos de cualificacións para o alumnado de intercambio e a definición dos requisitos de idiomas esixidos para o alumnado entrante, en consonancia coa decisión do Consello de Goberno do 28 de febreiro de 2019. Se ben, no ano 2021 deuse un paso máis aló neste ámbito coa aprobación do Real Decreto 822/2021, do 28 de setembro, polo que se establece a

organización das ensinanzas universitarias e do procedemento de aseguramento da súa calidade, introducindo variacións na regulación das titulacións, o que determina a necesidade de implementar cambios nos procesos de recoñecemento, validación e transferencia de créditos dos estudos oficiais. A USC está neste momento elaborando unha nova normativa para regular estas materias, e xa foi aprobado o procedemento para a homologación do título de doutor/a mediante a [Resolución Reitoral pola que se regula o procedemento de declaración de equivalencia a nivel académico de doutor/a na Universidade de Santiago de Compostela](#).

En relación co módulo de mobilidade internacional implementáronse, entre outras, as seguintes melloras:

- Expedición de certificados electrónicos en versión bilingüe (castelán/inglés e galego/inglés).
- Implementación da funcionalidade de carga masiva de propostas de convenio (*Inter-Institutional Agreements*) por medio de arquivos CS.
- Modificación do texto do correo electrónico de benvida que reciben os/as estudantes alleos/as á USC cando se rexistran en Xescampus para que poidan acceder á súa secretaría virtual.
- Creación dunha unidade responsable da captación internacional, cuxos obxectivos prioritarios son o deseño e a implementación de actividades de recrutamento de estudantes internacionais de grao, mestrado e doutoramento, de atención ao estudantado e persoal investigador entrante, así como o desenvolvemento de actividades de construción de marca.



FOTO Acto de benvida de alumnado estranxeiro na USC.

É importante salientar o elevado índice de satisfacción do alumnado internacional que cursa na USC unha parte dos seus estudos. Enquisas realizadas pola USC indican que o 90% do alumnado internacional escollería de novo a nosa universidade. De feito, un 40% de estudantado internacional decántanse pola USC en base á experiencia positiva de alumnado estranxeiro de cursos precedentes.

5.2 INTERNACIONALIZAR A OFERTA DOCENTE DA USC

No apartado de xestión académica, leváronse a cabo os traballos de análise de necesidades para automatizar os diferentes procesos que afectan ao estudantado internacional (*Erasmus without papers*), desde a subscripción dos acordos académicos ata a imputación da cualificación nos seus expedientes.

Por outra banda, e como elemento máis senlleiro nesta acción, cabe destacar a creación de titulacións conxuntas con institucións estranxeiras. Atendendo a unha das prioridades estratéxicas da política de internacionalización da USC, as relacións con Portugal e a lusofonía, no curso 2022-2023 puxéronse en marcha catro novas titulacións conxuntas: dous mestrados (Desafíos das Cidades; Dereito Transnacional da Empresa e das Tecnoloxías Dixitais) e dous programas de doutoramento (Matemáticas e Aplicacións; Ciencias Sociais e Envelhecimento) derivadas do proxecto [“Universidade sen Fronteiras” \(UNISF\)](#), no marco INTERREG – POPTEC, no que as tres universidades públicas do SUG colaboran coas tres universidades públicas do norte de Portugal. Cómpre salientar que a USC é a única universidade do consorcio que participa das catro titulacións implementadas.

5.3 POTENCIAR A COMUNICACIÓN DA USC CARA AO EXTERIOR

As inevitables consecuencias derivadas da COVID-19 fixeron necesaria a posta en marcha dun plan que englobou un conxunto de actuacións orientadas a fortalecer a imaxe e a visibilidade da nosa institución a nivel internacional e contribuír á captación de estudantado foráneo para os vindeiros cursos académicos. A primeira delas foi a contratación do software *Keystone*

para a xestión do posicionamento dos programas formativos de grao, mestrado e doutoramento da USC nas diferentes páxinas webs de busca de estudos de educación superior a nivel mundial. Os datos proporcionados por esta ferramenta proporcionaron métricas útiles para a toma informada de decisións institucionais que permiten desenvolver políticas activas de captación e poñer en marcha campañas de marketing personalizadas dirixidas a determinados países ou rexións mediante solucións de segmentación xeográfica. Esta acción complementouse coa organización de encontros virtuais e webinars, así como coa elaboración de novo material audiovisual promocional da USC en distintas linguas, que poida ser empregado tanto en feiras e eventos de captación internacional como en viaxes e estadias internacionais realizadas polo PDI e o PAS.

[En abril do 2021 preto dun milleiro de estudantes internacionais de dezaioito países tomaron parte nun evento informativo en liña a través do cal o Servizo de Captación Internacional achegou a oferta académica de doutoramento da USC](#). O alumnado procedía maioritariamente de Arxentina, Colombia, Ecuador, México e Perú.

En febreiro de 2022 desenvolveuse o primeiro webinar de promoción das titulacións de mestrado, no que participaron corenta e nove titulacións e uns mil estudantes latinoamericanos procedentes principalmente de Brasil, Ecuador, México, Colombia, Perú e Venezuela.

As feiras son un importante medio de promoción da USC e da súa oferta docente. Ao longo do ano 2022 recuperouse a asistencia a feiras presenciais, tanto de *networking* (EAIE, Barcelona, setembro 2022) como de captación (Exposposgrados, Colombia, setembro 2022). Por outra banda, a USC participou nun bo número de feiras virtuais, unha modalidade que se estendeu a raíz da pandemia. O ámbito xeográfico ao que se dirixiron estas actividades está aliñado coas prioridades estratéxicas da USC: FPA Latinoamérica; BMI para Brasil e Latinoamérica, Edoespaña para Brasil e Colombia.

A volta á normalidade permitiu tamén a celebración en setembro de 2022 da quinta edición do “Welcome Day”, no que se lle deu a benvida á USC ao estudantado internacional do curso 2022-2023. O evento reuniu no Colexio de Fonseca a preto de 300 estudantes internacionais de corenta países diferentes, sendo as comunidades máis numerosas a italiana, a colombiana e a mexicana.



FOTO Mapa de Keystone.

A potenciación da imaxe, posicionamento e visibilidade da USC cara ao exterior reforzouse en xullo de 2022 coa creación da Oficina de Proxección Internacional, encargada de identificar as prioridades estratéxicas no eido da internacionalización, e, en concordancia con estas prioridades, establecer convenios e relacións de colaboración con institucións de educación superior e fomentar a participación da Universidade en redes, asociacións e foros educativos a nivel mundial



FOTO Visitas de alumnado estranxeiro á USC.

5.4 COOPERAR PARA O DESENVOLVEMENTO INTERNACIONAL

O reforzo da imaxe da USC como universidade comprometida coa cooperación internacional materialízase en varios ámbitos: a participación en proxectos internacionais, o apoio ao estudiantado de países en desenvolvemento ou en áreas de conflito, e a participación en consorcios e alianzas internacionais.

A USC promove a cooperación para o desenvolvemento mediante a coordinación de proxectos internacionais. Froito desta liña de actuación no período 2019-2022, a USC coordinou catro proxectos *Capacity Building in Higher Education* e seis *Alianzas Estratéxicas*, ademais de participar como socia noutros proxectos Erasmus + KA2.

A USC vén de reforzar no curso 2022-2023 o *Programa de Axudas a Persoas Refuxiadas* e con Estatuto de Protección Temporal coa dotación de dez axudas de nova creación e unha de renovación. Esta acción de cooperación internacional complementábase coa participa-



FOTO Participantes na alianza EUniWell.



FOTO O reitor Antonio López e Beatrix Busse, responsable de EUniWell

ción no programa *Learn Africa* da *Fundación Mujeres por África* e coa colaboración coa *Fundación Carolina* no apoio a estudiantado de mestrado e doutoramento procedente de Latinoamérica.

Por último, en relación á acción 5.4.2 (Promoción da coordinación ou participación en consorcios de investigación e cooperación internacionais), destaca a incorporación da USC á Alianza de Universidades Europeas EUniWell (Universidade Europea do Benestar) na que participan 11 institucións de educación superior: U. Birmingham (Reino Unido), U. Colonia (Alemaña), U. Constanza (Alemaña), U. Florencia (Italia), Inalco (Francia), U. Linneo (Suecia), U. Murcia (España), U. Nantes (Francia), U. Semmelweis (Hungría), U. Taras Shevchenko de Kiev (Ucráina) e a USC. A Alianza conta, ademais, co apoio de máis de 100 entidades asociadas que representan a diversos sectores da sociedade.



6

XESTIONAR OS RECURSOS DE FORMA INTELIXENTE

“É preciso elaborar e aprobar un novo plan que garanta a estabilidade e sustentabilidade económica no curto e medio prazo, xestionando os recursos con rigor, eficiencia e transparencia. Cómpre avanzar tamén na racionalización da normativa e na mellora dos procedementos.”

CRONOGRAMA DAS ACCIÓNS



6.1 OPTIMIZAR O USO DAS INFRAESTRUTURAS

O [Plan de Infraestruturas](#) aprobado no ano 2019 inclúe entre outros aspectos a construción da Facultade de Farmacia e Enfermaría, o traslado da Facultade de Ciencias da Educación ao campus vida, a rehabilitación das Facultades de Medicina e Historia, e o traslado da Facultade de Formación de Profesorado ao Campus Vida e cunha xestión integrada dos diferentes fondos (obra RAM, fondos COVID, fondos de dixitalización e innovación, INEGA, Axencia de Turismo de Galicia e os convenios cos Concellos de Santiago de Compostela, Deputación da Coruña e Xunta de Galicia) puidéronse afrontar diferentes melloras nas infraestruturas que afectaron a practicamente todos os centros e edificios da universidade. O obxectivo da totalidade delas foi ser máis ecoeficiente (aínda máis perentorio dende a crise enerxética provocada pola invasión da Ucraína) e aliñar a USC coas accións marcadas nos diferentes ODS definidos na Axenda 2030.

Como elemento máis determinante para os vindeiros anos está o proxecto da Cidade da Saúde, unha inicia-

tiva que vai mudar a concepción das infraestruturas da USC dedicadas á docencia, investigación e transferencia de coñecemento no eido das [Ciencias da Saúde](#). A súa concepción foi presentada e compartida con responsables dos centros afectados logo de ser informados o Claustro e o Consello de Goberno da Universidade así como tamén os gobernos autonómico e local.

A Área de Tecnoloxía da Información e Comunicacións (ATIC) renovouse, incorporando o control integrado dos sistemas para facilitar unha monitorización en liña das infraestruturas. Tamén se fixo unha importante muda nos servizos de rede, a renovación dos portos de acceso acadou o 100% do total e o 45% das extensións da universidade xa son IP. Logo dun mapeado da cobertura da rede sen fíos nas instalacións, deseñouse un programa ambicioso para mellorar a súa cobertura que se intensificou durante o ano 2022 para atinxir máis de **1.719** puntos a longo de todos os edificios da USC, con bandas de 2,4G e 5Ghz dos cales **428** son WiFi 6 con alta densidade de usuarios en aulas e bibliotecas docentes. Na renovación da rede de acceso cableada dun total de 18.336 puntos falta por renovar soamente un 9% aproximadamente.



FOTO Novo Salón de Actos da Facultade de Medicina.

1719 BANDAS 2,4G E 5GHZ



6.2 PROCURAR UNHA MAIOR SUFICIENCIA E XESTIÓN EFICIENTE DOS RECURSOS ECONÓMICOS


O novo [Plan de Financiamento Universitario \(2022-2026\)](#) asinado entre as tres Universidades e a Xunta de Galicia supón un fito importante na estabilidade orzamentaria da universidade. A nova estrutura avanza no [reparto de fondos](#) baseado integralmente en criterios/indicadores coñecidos e contrastables. Deste xeito, as universidades coñecen de antemán as regras de reparto e os criterios

que se teñen en conta, o que lles permite planificar estratexias para mellorar o seu financiamento. O plan mobilizará máis de 3.200 millóns de euros no vindeiro quinquenio.

A definición e implantación de [criterios orzamentarios](#) regrados están a permitir un coñecemento maior das capacidades económicas da USC e un mellor balance entre ingresos e gastos que redundan nunha eliminación progresiva da débeda acumulada.

Como xa se comentou a liña propia de micromeceado da USC [Sumo Valor](#) é unha realidade, que se puxo en marcha de xeito piloto a finais do ano 2019 e comeza o camiño da súa consolidación.

EVOLUCIÓN DA DÉBEDA 2017-2022



6.3 RACIONALIZAR A ADMINISTRACIÓN INSTRUMENTAL

A integración de BUGALICIA no Consorcio Interuniversitario do Sistema Universitario de Galicia (CISUG) rematou no 2020, o que permitiu comezar a atinxir os obxectivos de centralización de acordos no SUG. Por exemplo, en marzo do 2021 xa se asinaron os seus primeiros acordos transformativos coas editoriais Cambridge University Press e Oxford University Press que logo seguiron con outras editoriais. Este novo tipo de acordos con editoriais científicas van dirixidos a “transformar” o modelo de pago de licenzas por “ler” ao pago por “ler e publicar en acceso aberto”. O obxectivo final de publicar os resultados da investigación científica nas universidades en modo de acceso libre é o de contribuír ao crecemento económico, á competitividade, á innovación, á creación de traballo e ao progreso da sociedade en xeral mediante un novo modelo de facer e difundir a ciencia.

A [Fundación USC](#) incorporou entre as súas funcións actividades derivadas da internalización do sistema de limpeza que supuxo un aforro económico de 800.000 €. Asemade, as actividades que se canalizaban a través de UNIXEST foron tamén finalmente incorporadas ao portafolio da Fundación.

6.4 AXILIZAR OS PROCEDEMENTOS DE XESTIÓN E PRESTACIÓN DE SERVIZOS

En relación cos **procesos de xestión de alumnado**, procede indicar que todos os procedementos se tramitan de xeito electrónico, a través da Sede ou de aplicacións específicas (Xescampus/Tramitador). Unha parte importante das acreditacións tamén se realizan a través de procedementos automatizados, como é o caso da expedición de certificacións. Así mesmo, as comunicacións co alumnado efectúanse mediante notificación en Sede e as publicacións de interese xeral canalízanse a través do Taboleiro Electrónico. En definitiva, pode afirmarse que neste momento a maior parte das relacións co estudantado son electrónicas. Precisamente, este elevado nivel de implementación da administración electrónica fixo que a xestión administrativa non se resentise de xeito significativo duran-



Foto Traballadores do Servizo de Limpeza desenvolvendo a súa actividade nunha aula da USC.



Foto Acto de sinatura do Acordo do novo Plan de Financiamento Universitario.

te a pandemia.

Dende o ano 2019 está implantada a aplicación de rexistro interoperable GEISER que tamén serve para a tramitación interna entre unidades da propia USC, o que supón un grande avance na tramitación electrónica. Completouse a **aplicación PSPDI** para que a tramitación dos concursos de selección de PDI fose completamente electrónica, incluíndo a actuación das comisións. Ao longo do período tivo lugar a implementación de diversas melloras na aplicación en función da demanda realizada polas comisións xulgadoras das prazas.

No ano 2021 avanzouse na implantación da aplicación para a xestión de censos permanentes e procesos electorais, así como na de **voto electrónico** aplicándose en todos os procesos electorais convocados (reitor, representantes de todos os sectores no Claustro e representantes de estudantes nas xuntas de centro). Tamén se estendeu a sinatura electrónica mediante certificado de empregado público aos cargos de departamento, incorporándose así plenamente á tramitación electrónica.

Así mesmo, introducíronse diversas modificacións nas **funcionalidades da Secretaría Virtual do Alumnado (SVA)** e activáronse novas funcionalidades, entre as que procede destacar:

- Anulación voluntaria de matrícula.
- Aceptación do compromiso documental de supervisión de doutoramento.
- Solicitud e emisión automática do certificado académico de doutoramento.
- Solicitud a través de Pasaxe do título para o acceso a unha titulación.
- Reclamación da documentación pendente na solicitude de bolsa do Ministerio a través de notificacións na sede electrónica da USC e acceso a un formulario de SVA para consultar e descargar os documentos reclamados.
- Tramitación completa da tese de doutoramento.

Finalmente, en 2022 realizouse un diagnóstico da situación actual dos arquivos da USC como primeiro paso para transitar cara a un arquivo dixital único.



FOTO Espazos ATIC.

6.5 SISTEMATIZAR A NORMATIVA UNIVERSITARIA

No 2019 aprobouse a Instrución da Secretaría Xeral 3/2019 sobre a accesibilidade e garantía de protección de datos persoais nas publicacións do Taboleiro Electrónico de Anuncios da USC. Así como o desenvolvemento de cursos de formación sobre o uso de Minerva para todos os servizos da comunidade universitaria, complementándose coa previsión dun boletín informativo en soporte dixital para a difusión á comunidade universitaria de acordos e actos administrativos de interese xeral, que finalmente, en xaneiro de 2023, concreouse nun Boletín Oficial da USC.

Nun enfoque máis educativo, estableceuse unha nova canle de relación entre a USC e as persoas egresadas e empregadores mediante a ferramenta Jobteaser, para fomentar a relación e contratación dos novos graduados.

Nesta materia concluíuse e está operativo o módulo de publicación de disposicións de carácter xeral no taboleiro, consolidándose a práctica de que todas as normas aprobadas pola Universidade se publiquen no repositorio institucional Minerva e de que as modificacións normativas se acompañen no momento da súa aprobación dunha versión consolidada.

Aprobouse un novo [Regulamento para a xestión de convenios e protocolos xerais de actuación, publicado no DOG o 31 de maio de 2021.](#)

No eido da dixitalización dos procesos electorais, estendeuse o sistema de votación electrónica a todas as eleccións de representantes en órganos de goberno (órganos centrais, centros, departamentos, EDIUS). En 2023 incorporouse tamén este sistema para a elección de representantes de estudantes no Consello de Estudantado.

6.6 ORIENTAR A PRESTACIÓN DE SERVIZOS DAS TECNOLOXÍAS DA INFORMACIÓN Á SATISFACCIÓN DAS NECESIDADES DOS USUARIOS



FOTO Campus Virtual da USC.

En xullo de 2020 foi aprobada en Consello de Goberno a reforma dos procedementos da ATIC co obxectivo da definición e implementación dun catálogo de servizos co obxectivo de artellar un modelo de xestión xerarquizado e acorde co esquema nacional de seguridade. Ademais, traballouse tamén no impulso do uso das aplicacións institucionais na área de recursos humanos.



FOTO Equipamento nas aulas de docencia.

Realizouse unha reformulación completa do organigrama de ATIC (ver gráfico), co que se traballou, entre outros, na consecución das seguintes metas:

- A necesidade de que o alumnado e o PDI poidan utilizar as aplicacións de docencia desde calquera localización física con acceso á Internet.
- O uso intensivo das aplicacións na nube e a necesidade dunha maior difusión das ferramentas dispoñibles para o seu uso.
- A conveniencia de dispor de almacenamento da documentación profesional na nube para garantir o acceso desde calquera localización.
- A mellora e o dimensionamento adecuado da infraestrutura técnica e organizativa que materializa o Campus Virtual e a introdución de novas ferramentas de docencia en liña. Troco no sistema de identificación para ter maior capacidade de resiliencia, co que se finalizou a súa integración na nube.
- O acceso desde calquera localización aos recursos bibliotecarios que actualmente, en xeral por limitacións do provedor, non se podían consultar desde fóra da rede da USC.
- A obriga de continuar a implantación progresiva da administración electrónica e a mellora das aplicacións de xestión para que todos os trámites se fagan en soporte electrónico, en especial nas áreas de recursos humanos e xestión económica.

- Impulso ao repositorio institucional Minerva para poder integralo nas funcionalidades que demande a política de ciencia aberta e ciencia cidadá.

Este novo modelo amosouse moi áxil e versátil na época pandémica, instaurando un novo modelo de gobernanza que se viu reflectido, por exemplo, na compra e instalación do equipamento informático e audiovisual en máis de 300 aulas para atinxir flexibilidade nos diversos escenarios de impartición da docencia. Tamén se definiu unha nova relación cos centros cunha maior fluidez e anticipación sobre as necesidades TIC que se aplicou nos diversos programas no marco do proxecto estatal de UniDigital, como, por exemplo, a muda dos ordenadores de PDI e PAS.



FOTO Alumnado na aula de informática da Facultade de Ciencias da Educación.

7

APRENDER DA EXPERIENCIA DA COVID-19 PARA CONSEGUIR UNHA UNIVERSIDADE MÁIS SEGURA E FLEXIBLE

“A situación derivada da COVID-19 fai que se teñan que afrontar medidas de adaptación no proceso de ensino-aprendizaxe, nas actividades de investigación e na xestión. Agora ben, unha perspectiva a máis longo prazo débese guiar polos Obxectivos do Desenvolvemento Sustentable (ODS) incluídos na Axenda 2030. En consecuencia, as accións requiren que o seu impacto teña un longo percorrido, procurando a súa versatilidade e aplicabilidade a calquera escenario.”

7.1 PERFECCIONAR AS MEDIDAS DE PREVENCIÓN SANITARIA

En consonancia co que determinaban as autoridades sanitarias en cada momento implantáronse as medidas de prevención necesarias:

- Pantallas de protección (fundamentalmente de metacrilato) nos puntos de atención ao público.
- Protocolo de ventilación onde se debullaba unha serie de boas prácticas para garantir unha renovación de aire axeitada nos espazos comúns da USC. Tamén foi necesario facer nalgúns centros diferentes obras de acondicionamento para mellorar o sistema de ventilación. Asemade, remitiuse a cada centro diversos equipos de medición portátiles de CO₂
- Entrega ao persoal de diversas máscaras hixiénicas co logo da USC que cumprían a normativa Europea CWA 17553 e as especificacións da norma UNE 0065/2020. Ademais, como apoio á docencia interactiva presencial nos laboratorios de docencia remitiuse aos centros máscaras FFP2 para o seu reparto entre o alumnado.

- Nos procesos de volta á normalidade e para manter a separación entre persoas, acometéronse diferentes obras de acondicionamento nos centros que permitiu engadir novos espazos docentes, por exemplo, os salón de actos.

A USC foi pioneira na produción de xel sanitizante nas súas propias instalacións, o que nos permitiron ser autosuficientes e evitar as especulacións do mercado. Nos primeiros intres da pandemia a USC foi quen de subministrar o xel que necesitaba o SERGAS. Púxose en marcha un sistema de recuperación dos botes de xel na procura da ecoeficiencia, xa que logo se minimizaron os impactos ambientais e o custo da produción coa reciclaxe dos botes. Seguindo as instrucións emitidas pola OMS fíxose un reforzo dos procedementos de limpeza dos espazos e tamén se remitiu equipamento para a desinfección de equipamento electrónico e informático.

Por último, cómpre destacar que se incorporou un desenvolvemento informático propio para facilitar o rastreo de contaxio da COVID-19 nas aulas, na Secretaría Virtual do alumnado indicábase en función da materia a posición que se ocupaba na aula.



FOTO Persoal da USC con máscaras durante a pandemia.

7.2 INTENSIFICAR O PROCESO DE TRANSFORMACIÓN DIXITAL

Elaboración dunha serie de programas de actuación no marco do proxecto “[UNDIGITAL](#)” do Ministerio de Universidades para a mellora e adaptación das universidades no desempeño dixital. Estes programas inclúen tanto a mellora en hardware, software, contidos e competencias:

- No hardware co programa Auladix procedeuse á renovación dos ordenadores de PDI e PAS con máis de 7 anos.
- As licenzas de software con maior uso entre o alumnado estendéronse a un carácter multicampus que permitiu aumentar e facilitar o seu uso tanto dentro como fóra das instalacións da universidade. Un exemplos dos softwares baixo esta modalidade foron o MatLab, SPSS e HYSYS.
- Adecuación do programa xeral do RFID e realización dunha convocatoria de programa específico de actividades para cada centro.
- Directrices e instrucións sobre o marco da utilización da docencia e avaliación telemática.

- Equipamento técnico e procedemento para ampliar a defensa das teses á modalidade telemática e semipresencial.

7.3 FACER MÁIS FLEXIBLE A ORGANIZACIÓN ACADÉMICA DE MANEIRA QUE SE POIDAN APROVEITAR AO MÁXIMO AS FERRAMENTAS DIXITAIS PARA COMPLEMENTAR A DOCENCIA PRESENCIAL

Acelerouse a conversión de calquera aula nunha potencial “aula informática” para o que se procedeu á electrificación dos postos do alumnado de aproximadamente 175 aulas nas que entre outras cuestións foi preciso trocar potencia instalada. O custo medio por aula foi duns 3.000 €. Tamén se potenciou a cobertura da rede sen fíos coa instalación de puntos 5G (1.719 puntos máis) e comezouse a instalación dos denominados WiFi 6 (428 puntos) que permiten un notable incremento na eficiencia e mantemento de conexións incluso cando a rede está moi conxestionada.

Deseñáronse aulas polivalentes con capacidade si-



FOTO Producción de xel sanitizante.




FOTO Software Matlab.



FOTO Alumnado nas aulas cos seus ordenadores portátiles.

multánea de docencia presencial e non presencial mediante a incorporación dun equipamento informático completo que incluíu por aula: cámara de alta resolución, porto de conexión universal, tableta, micrófono e altosfalantes. O total de aulas equipadas situouse a finais de 2022 en case que 320 (case un 60% de aulas da USC). Tamén se fixeron diversos cursos de formación en cada un dos centros e escolas, nos que participaron máis de 1.500 PDI.

Actualización da versión de Moodle do campus virtual, cun troco substancial na súa aparencia e funcionalidades; por exemplo, a opción de gamificación. Instalación do Campus Virtual na nube AZURE para facilitar o servizo e o seu mantemento.

Intensificouse a formación metodolóxica tanto desde o punto de vista presencial como a elaboración de píulas formativas dispoñíbeis na canle de youtube da USC. A incorporación ao CeTA de persoal adicional permitiu atender as novas iniciativas levadas a cabo. Cabe destacar o traballo da Biblioteca no acceso aos recursos formativos electrónicos, con especial finca-

pé da implantación do [EZProxy](#) en colaboración con ATIC.

Este sistema permitiu o acceso a 12.000 títulos de revistas, máis de 51.000 títulos de libros electrónicos e 42 bases de datos, todos eles accesibles a través de [reBUSCa](#) e Pórtico. Asemade, procedeuse o troco do sistemas de xestión bibliotecaria para incorporar novas funcionalidades como a utilización da TUI dixital como documento válido no proceso de préstamo de libros.

No ámbito da xestión académica formalizáronse diversos protocolos: (i) elaboración de guías docentes en función dos diversos escenarios previstos (presencial, semipresencial e telemático; (ii) guía para a realización das prácticas externas; (iii) procedemento da presentación dos TFG e TFM de xeito non presencial.

No marco dun proxecto europeo nace a [Universidade sen Fronteiras \(UNISF\)](#), en colaboración coas universidades de Vigo, Coruña, Porto, Minho e Trás-os-Montes e Alto Douro, estívoase a traballar na memoria de 2 mestrados e 2 programas de doutoramento comúns:



FOTO Estudantes na Biblioteca da ETSE.

- Mestrado Universitario en Dereito Transnacional da Empresa e das Tecnoloxías Dixitais.
- Mestrado Universitario no Desafío das Cidades.
- Programa de Doutoramento en Matemáticas e Aplicacións.
- Programa de Doutoramento en Ciencias Sociais e Envellecemento.

titulacións da USC mestrados e programas de doutoramento entre as universidades galegas e as universidades do norte de Portugal.

7.4 PROMOVER A OFERTA DE TITULACIÓNS DE MESTRADO A DISTANCIA E DIRIXIDAS PREFERENTEMENTE AOS PAÍSES DE LINGUA ESPAÑOLA E PORTUGUESA

Como xa se sinalou o programa Universidade sen Fronteiras (UNISF) permitirá incorporar á oferta de

